





Datos Do Expediente:

CURSOS	
Unidade Tramitadora:	
Promocion e Emprego – MTAV	
Número expediente:	Documento:
 EMP/2024/1	 EMP18I00HR
1C5H 1R20 4Z2R 3P0I 16YF	
	

Asunto: Informe de valoración dos proxectos técnicos presentados para o Servizo para o desenvolvemento da acción formativa de operador/a carretilleiro/a + operador/a de plataformas elevadores PEMP.

Destinatario: Departamento de Contratación + expediente.

A funcionaria municipal que subscribe, xefa do servizo Servizo Sociocomunitario municipal, en relación có asunto de referencia, emite o seguinte informe:

1.Contexto e antecedentes

Tense en conta o contexto e antecedentes recollidos no expediente de contratación CON/5/2024 para a contratación do servizo para o desenvolvemento da acción formativa de operador/a carretilleiro/a + operador/a de plataformas elevadores PEMP.

Examináronse os proxectos técnicos das ofertas presentados polas empresas; GAM TRAINING APOYO Y FORMACIÓN, SL (NIF B74426636) e GESTIÓN PLUS, SLU (NIF B70162649) e procedeuse a puntuar cada oferta aplicando os criterios de avaliación recollidos no informe sobre os criterios de adjudicación e no prego técnico.

2.Normativa aplicable

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación do servizo para o desenvolvemento da acción formativa de operador/a carretilleiro/a + operador/a de plataformas elevadores PEMP

Prego de prescricións técnicas para o desenvolvemento da acción formativa de operador/a carretilleiro/a + operador/a de plataformas elevadores PEMP

3.Valoración:

Para esta valoración se teñen en conta os seguintes elementos:

Mellor proxecto técnico presentado: 30 puntos máximo

- a) **Mellor proxecto técnico para o desenvolvemento da formación:** Puntuación máxima 30 puntos



CONCELLO DE NARÓN

Para a valoración deste apartado se tivo en conta que está redactado de conformidade co requirido na cláusula 12.B) de criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, do prego de cláusulas administrativas particulares: extensión máxima de 20 páxinas (sen contar a carátula e o índice) tamaño DIN A4, tipo de letra Arial, tamaño 11, aliñación xustificada, entrelíñado sinxelo. Neste número máximo de páxinas se incluírá a información de todas as accións formativas licitadas. Tanto GAM Training Apoyo y Formación, SL como Gestión Plus, SLU, reúnen os requisitos esixidos de presentación do proxecto. Ademais se valoran os criterios do proxecto que constan nas táboas seguintes.

Valoración da denominación da acción formativa, a duración en horas, o número de alumnado e singularidades deste, o obxectivo xeral da acción formativa, contidos e temporalización, e secuenciación dos módulos. A puntuación máxima é 1 punto (0.10 por cada elemento que cumpre máis 0.30 por completar e mellorar os criterios a ter en conta).

Criterios do proxecto técnico	Empresa presentada: GAM Training Apoyo y Formación, SL	Empresa presentada: Gestión Plus, SLU	Puntuación
Denominación	Cumpre coa ficha técnica. En castelán	Cumpre co prego técnico	Puntuación máxima: 1 punto • GAM: 0,50 puntos • Gestión: 0,60 puntos
Duración total en horas	Cumpre coa ficha técnica	Cumpre co prego técnico e sinala as horas totais para carretilla e as de PEMP	
Número de alumnado	Cumpre coa ficha técnica, linguaxe non inclusiva.	Cumpre coa ficha técnica	
Singularidades que debería de posuír o alumnado para acceder a esta acción formativa, de ser o caso	Especifica outras singularidades, como acudir con calzado pechado ou de seguridade. Que non se corresponde coa ficha técnica.	Especifica outras singularidades como superar a avaliación teórica e práctica esixidas nas normas UNE..., pero non fai referencia á recomendación do permiso B e outras.	
Obxectivo xeral da acción formativa	Indica os obxectivos xerais, de maneira moi completa.	Indica os obxectivos xerais, de maneira moi completa.	
Contidos e temporalización	Indica os contidos por bloques, segundo as normas UNE aplicables. diferenciando o contido teórico común e o específico e o contido práctico e a duración en horas de cada un deles. Plataforma 12 horas e Carretilla 23. Temporalización non presenta, nin horas/día nin calendario.	Neste apartado resume moito, xa que non especifica contido, só diferencia a formación teórica da práctica e os tipos de carretillas e plataformas. Fai a temporalización en período de tempo e horas/día concretas, para cada unha das sete edicións. Sendo as dúas primeiras edicións 2024 continuas, no mes de setembro. E as do 2025, dúas edicións	

		continuas en marzo e as outras dúas en outubro.	
Secuenciación dos módulos	Impartirase primeiro a parte teórica (8+4) e a parte práctica despois (15+8), polo que non remata unha certificación UNE para continuar coa outra. Para o alumnado é negativo, se tiveran que darse de baixa da formación.	Resume en horas, días lectivos e edicións, o exposto no apartado anterior. Primeiro inicia a formación con Carretilla e posteriormente con Plataforma.	

Valoración da congruencia da programación, observando os obxectivos, os contidos e as actividades a desenvolver. Puntuación máxima: 4

Crterios do proxecto técnico	Empresa presentada: GAM Training Apoyo y Formación, SL	Empresa presentada: Gestión Plus, SLU	Puntuación
Programación de cada módulo (obxectivos específicos, temporalización, contido do programa formativo a impartir, diferenciando os teóricos dos prácticos, e duración do módulo)	Presenta o programa, en canto a contido, segundo a normativa UNE, diferenciando horas de teoría e de práctica, obxectivos e horas por módulo, pero non a temporalización.	De cada un dos módulos establece os seus obxectivos específicos, contidos teóricos e prácticos, con horas concretas, segundo a normativa das carretillas e as súas categorías. A temporalización e o horario, de cada edición, cun total de 20 horas por edición, 10 de teoría e 10 de formación práctica. E igual para as plataformas, sendo de 15 horas (3 xornadas), 5 de teoría e 10 de formación práctica.	Puntuación máxima: 4 puntos <ul style="list-style-type: none"> • GAM: 3 puntos • Gestión: 3,50 puntos

Valoración do equipamento, material de apoio, EPIs e material didáctico. Valórase o equipamento mínimo establecido no prego e o que se presenta a maiores. Teremos en conta material, maquinaria e EPIs. Todo elo deberá de estar cuantificado. Puntuación máxima: 4 puntos

Crterios do proxecto técnico	Empresa presentada: GAM Training Apoyo y Formación, SL	Empresa presentada: Gestión Plus, SLU	Puntuación
Equipamento, material de apoio, EPIs e material didáctico	Equipamento: Traspaleta eléctrica (tipo 1) e carretilla elevadora frontal contrapesada (tipo 4). E plataformas elevadoras tipo 1A,	- Para a docencia: proxector e ordenador - Material didáctico: guía didáctica, carpeta con manual de contidos,	Puntuación máxima: 4 puntos <ul style="list-style-type: none"> • GAM: 3,20 puntos

	<p>tipo 1B, tipo 3A, tipo 3B. Conos, palés e material para transportar.</p> <p>EPIs: chaleco, arnés de seguridade (plataformas), casco, que terán que devolver (calzado por conta do alumnado).</p> <p>Material didáctico: manual en usb, bolígrafo e manuais do fabricante dos equipos en formato dixital.</p>	<p>bolígrafo, folios reciclados, lapis, goma de borrar e manuais do temario en papel e pdf (cun enlace web)</p> <p>- Equipamento homologado necesario para a realización da formación práctica.</p> <p>- EPIs por alumno/a: Chalecos reflectantes, luvas, bota de seguridade e casco.</p> <p>- Equipamento alugado para as prácticas: 4-5 unidades de arnés, 1 traspaleta, 1 carretilla elevadora diésel/eléctrica, tipo 4, 1 plataforma elevadora articulada (10-12m) e outra de tesoiras (8-10M).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Gestión: 3 puntos
--	---	---	--

Valoración da metodoloxía didáctica. Valórase a explicación das técnicas que se van a utilizar durante as clases, a metodoloxía, e a súa congruencia cos obxectivos, contidos e actividades. Puntuación máxima: 10 puntos

Craterios do proxecto técnico	Empresa presentada: GAM Training Apoyo y Formación, SL	Empresa presentada: Gestión Plus, SLU	Puntuación
<p>Metodoloxía didáctica (describírase a metodoloxía que se seguirá ao longo da acción formativa, o proceso de ensino-aprendizaxe)</p>	<p>Metodoloxía baseada na participación. A aprendizaxe dos coñecementos teóricos mediante resolución de problemas, análise de situacións, discusións en grupo. E os prácticos, con actividades prácticas, dun entorno real. E non desenvolve nada máis. Si, noutro apartado da memoria, establece, que utilizarán o método expositivo e demostrativo e os explica, sen concreción para esta formación.</p>	<p>Método aprender facendo e explica de maneira desenvolvida o método expositivo, demostrativo, interrogativo e a aprendizaxe por descubrimento, sen concreción para a formación licitada.</p>	<p>Puntuación máxima: 10 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> • GAM: 6 puntos • Gestión: 6 puntos

Valoración da avaliación do alumnado. Valórase que presenten unha descrición da forma en que se vai avaliar o alumnado, establecendo o tipo, os instrumentos, e os criterios e momento de aplicación. Puntuación máxima: 3 puntos

Craterios do proxecto técnico	Empresa presentada: GAM Training Apoyo	Empresa presentada: Gestión Plus, SLU	Puntuación
-------------------------------	--	---------------------------------------	------------

	y Formación, SL		
Avaliación do alumnado	<p>Avaliación continua, valorando os coñecementos adquiridos, mediante un exame de preguntas pechadas, que a súa superación, permite o acceso á parte práctica. E as habilidades individuais da práctica en cada sesión e un exercicio de avaliación na última sesión práctica. Ten en conta as asistencia. E para ser apto/a hai que concluír todos os módulos satisfactoriamente. E a avaliación final, para asignar a cualificación de apto ou non apto, que ao explicalo, contradícese co cumprimento das horas lectivas, xa que primeiro 75% e logo 80%.</p>	<p>Avaliación por separado de cada módulo, xa que tamén son diplomas diferentes. Para Carretilla, exame teórico de 20 preguntas tipo test, sobre os temas do programa, que superado cunha nota de 5 e unha proba práctica por tipo de carretilla, tendo que superar os 21 item. Pero tamén, valorarase a actitude e comportamento, cunha ponderación de 90%/10%. Para Plataforma, exame teórico de 20 preguntas tipo test e unha proba práctica, para cada dúas categorías, tendo que superar 19 item e 36 item (os explica), con igual ponderación 90% (exame e probas prácticas/10% (actitude e comportamento). E cuestionario de avaliación da calidade ao finalizar o curso, para o alumnado, con resultados estatísticos.</p>	<p>Puntuación máxima: 3 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> • GAM: 1,70 puntos • Gestión: 2,70 puntos

Valoración doutros elementos do proxecto como é a intervención innovadora (puntuación máxima 2 puntos), contemplando a perspectiva de xénero (puntuación máxima 2 puntos), a sensibilización medioambiental (puntuación máxima 2 puntos) e o uso de plataformas de teleformación (puntuación máxima 2 puntos).

Critérios do proxecto técnico	Empresa presentada: GAM Training Apoyo y Formación, SL	Empresa presentada: Gestión Plus, SLU	Puntuación
O proxecto contén, a lo menos, un elemento de intervención innovador (tanto nas actividades, como	Ofrecen un servizo post-formación, durante 2 semanas, con resolución de dúbidas en menos de 24 horas, telefonicamente ou email	Clases con debates sobre novas de actualidade, coñecementos con respecto ao laboral, ordenadores para casos grupais e xogos interactivos en liña.	<p>Puntuación máxima: 2 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> • GAM: 1 punto • Gestión: 1 punto

<p>metodoloxías ou sistemas de participación). Non se valorará aqueles elementos nos que non se detallan os protocolos de actuación, nin as pautas para a súa aplicación.</p>		<p>Detállase pouco a aplicación. Si se indican unhas pautas xerais, que favorecen a comunicación e o respecto na vida cotiá da aula.</p>	
<p>O proxecto contén, a lo menos, un elemento de intervención no que se contempla a perspectiva de xénero, de forma transversalizada ao longo de todas as unidades didácticas</p>	<p>Docentes uso da linguaxe inclusiva, concienciación do alumnado...</p>	<p>Intervencións con perspectiva de xénero durante toda a formación, con elementos de comunicación tendentes á integración e xogos de rol. Linguaxe non sexista, debates...</p>	<p>Puntuación máxima: 2 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> • GAM: 1 punto • Gestión: 1 punto
<p>O proxecto contén, a lo menos, un elemento de intervención, no que se contempla a sensibilidade medioambiental, de forma transversalizada ao longo de todas as unidades didácticas</p>	<p>Uso de folios reciclados e tratarase de evitar o derroche de materiais ou enerxía (maquinaria eléctrica).</p>	<p>Uso de folios reciclados e pautas medioambientais a empregar diariamente na aula (mantemento, limpeza...).</p>	<p>Puntuación máxima: 2 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> • GAM: 1 punto • Gestión: 1 punto
<p>O proxecto contén, a lo menos, un elemento de intervención no que se contempla a utilización da plataforma de teleformación, de forma transversalizada ao longo de todas as unidades didácticas</p>	<p>Matricularán ao alumnado na plataforma de teleformación, para facer, se queren exercicios de reforzo, outras actividades e participar no foro.</p>	<p>Posibilidade de realizar titorías en liña, con asistencia técnica previa en diferentes plataformas. Ademais de poñer a disposición a plataforma da empresa, con soporte web 24 horas, con chat... para ampliar coñecementos desta formación.</p>	<p>Puntuación máxima: 2 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> • GAM: 1 punto • Gestión: 1,25 puntos
<p>TOTAL:</p>			<p>Puntuación total GAM: 4 puntos Puntuación total Gestión: 4,25</p>



			puntos
--	--	--	--------

4. Conclusións

O proxecto presentado por GAM TRAINING APOYO Y FORMACIÓN, SL acada unha puntuación de 18,40 puntos.

O proxecto presentado por GESTIÓN PLUS, SLU acada unha puntuación de 20,05 puntos